

CANCIONEIRO

CEIP ESPIÑEIRA - ALDÁN

CURSO 2010-2011



ÍNDICE

Este foi ao mar.....	3
Xoaniña— CD Pista 1 —	4
Touporroutou— CD Pista 2 —	4
O Samaín— CD Pista 3 —	5
Castañas no Magosto— CD Pista 4 —	5
Mariñada de Rianxo.....	6
Ovos e torresmos— CD Pista 5 —	7
Os Reis de Aldán— CD Pista 6 —	7
Rumba das apertas— CD Pista 7 —	8
Pirimpimpín— CD Pista 8 —	9
O paraugas do Xosé— CD Pista 9 —	9
Bailador— CD Pista 10 —	10
O grilo e a ra— CD Pista 11 —	11
Canción do Maio de Aldán— CD Pista 12 —	12
O reloxo de Alberte— CD Pista 13 —	13
Un vello— CD Pista 14 —	14
Quen son— CD Pista 15 —	15
O señor do gato— CD Pista 16 —	16
A Rianxeira.....	18

O obxectivo foi afondar nun proxecto que chamamos ***“Ao galego cantando con alegría”***, que pretende **fomentar a oralidade de moitos xeitos, destacando a busca e posterior aprendizaxe de coplas, cantigas, recitados, xogos orais...** xa que nos damos conta de que ata este marabilloso patrimonio cultural, que ademais pode enchernos de ledicia, vai desaparecendo cada vez máis.

Esperamos que este pequeno agasallo sexa do voso agrado e que en anos sucesivos, se o tempo e as forzas para traballar non faltan, intentaremos continuar con este proxecto, despois de comprobar que aprendemos moi felices.

ESTE FOI AO MAR *(Tradicional)*

Este foi ao mar e non pescou nada.
Este foi ao mar e pescou unha pescada.
Este quedou en terra e lavouna ben lavada.
Este quedou en terra e fixo unha caldeirada.
E este lambón, lacazán... ¡papouna, ben papada!

Explicación:

O adulto vaille collendo os dedos ao/á neno/a dende o dedo máis pequeno ao máis gordo



XOANIÑA *(Tradicional: Nenas e nenos do centro)*

Xoaniña,
voa, voa
que che hei dar
pan de broa.



Xoaniña,
voa, voa
que che hei dar
pan e cebola.

Xoaniña,
voa, voa
vai e tráeme
algunha nova.



Xoaniña,
voa, voa
que teu pai
vai en Lisboa.

TOUPORROUTOU *(Tradicional: Nenas e nenos do centro)*

- Touporroutou, vou para Roma.
- Touporroutou, por unha corredeira.
- Touporroutou, ¿que vas buscar?
- Touporroutou, unha presa de sal.
- Touporroutou, ¿para que é o sal?
- Touporroutou, para botarlles ás verzas.
- Touporroutou, ¿para que son as verzas?
- Touporroutou, para botarlle ao caldo.
- Touporroutou, ¿para que é o caldo?
- Touporroutou, para botarlles ás galiñas.
- Touporroutou, ¿para que son as galiñas?
- Touporroutou, para poñer os ovos.
- Touporroutou, ¿para que son os ovos?
- Touporroutou, ¡para comelos todos!



Explicación:

Xeralmente, nestes recitados dialogados, o/a neno/a fai as preguntas e a persoa adulta responde. Reprodúcese a curiosidade natural dos/as nenos/as por saber para que serven as cousas. É frecuente que rematen cunha exclamación coa que o adulto, xa canso, intenta poñer fin á restra de preguntas. O ritmo, claramente marcado pola onomatopea “touporroutou”, é o propio das pandeiras tradicionais de Galicia.

O SAMAÍN *(Mamacabra: Patatín, patatán)*

Hoxe celebramos o Samaín
que noutros sitios lle chaman Halloween.
Tumba por aquí, tumba por alá,
tumba, tumba,
uha,ha,ha, ha, ha.



Hoxe pola noite, vaste decatar,
cando á túa porta vaian a petar.
Tumba por aquí, tumba por alá,
tumba, tumba,
uha,ha,ha, ha, ha.



Os devanceiros, nos tempos de antes,
poñían nas súas portas caveiras de xigantes.
Tumba por aquí, tumba por alá,
tumba, tumba,
uha,ha,ha, ha, ha.



Non nos meten medo, porque teñan pe-
lo,
non nos meten non, fixémoslas nós.
Tumba por aquí, tumba por alá,
tumba, tumba,
uha,ha,ha, ha, ha.



Cando se achega o Samaín
ponse todo escuro o verán ten o seu fin.
Tumba por aquí, tumba por alá,
tumba, tumba,
uha,ha,ha, ha, ha.



Por primeira vez na nosa escola,
temos Samaín, isto si que mola
Tumba por aquí, tumba por alá,
tumba, tumba,
uha,ha,ha, ha, ha.



Os esqueletos póñense a bailar
coas súas caveiras vannos asustar.
Tumba por aquí, tumba por alá,
tumba, tumba,
uha,ha,ha, ha, ha.

CASTAÑAS NO MAGOSTO

(Tradicional: Galinova, libro de 6º)

Non chas quero, non chas quero,
Castañas do teu magosto,
non chas quero, non chas quero,
que me cheiran ó chamosco,
que me cheiran ó chamosco,
ai la le lo, ai la la lo.



A castaña no ourizo
quixo rir e rabexou,
caeu do castaño abaixo
mira que pago levou,
mira que pago levou,
ai la le lo, ai la la lo.



Do outro lado do río
ten meu pai un castiñeiro,
dá castañas en agosto,
uvas pasas en febreiro,
uvas pasas en febreiro,
ai la le lo, ai la la lo.

MARIÑADA DE RIANXO *(Tradicional)*

Ai, Pepiño, adeus,
ai, Pepiño, adeus,
ai Pepiño por Deus non te vaías,
quédate con nós,
quédate con nós,
non te vaías afogar na praia
como nos pasou a nós.



¡Ai, Sálvora, ai San Vicente!
¡Ai, Sálvora, ai San Vicente!
¡Ai, Sálvora, ai San Vicente!
As mozas bonitas témolas presentes.
¡Ai, Sálvora, ai San Vicente!
Os mozos bonitos témolos presentes,

Ai, Pepiño, adeus,...

¡Ai, Sálvora, ai San Vicente!
¡Ai, Sálvora, adeus Mourente!
¡Ai, Sálvora, boca da ría!
¡Para boas mozas en Vilagarcía!
¡Ai, Sálvora, boca da ría!
¡Para bos mozos en Vilagarcía!



Ai, Pepiño, adeus,...

¡Ai Sálvora, vento norteiro!
¡Ai Sálvora, meu compañeiro!
¡Ai Sálvora, vento ventiño!
Xa están as rapazas na punta de Aguiño.
¡Ai Sálvora, vento ventiño!
Xa están os rapaces na punta de Aguiño.

Ai, Pepiño, adeus,...

OVOS E TORRESMOS *(Asociación de Gaiteiros Galegos: Quiquiriquí)*

Aguinaldo pido
con disposición:
ovos e torresmos,
caixas de turrón.
O aguinaldo imos
e ao aguinaldo andamos
se nos dan as fabas
tamén as tomamos.



Dea o aguinaldo
se o quere dar
que bastantes porcos
ten para matar.
Dea o aguinaldo
inda que sexa pouco
touciño e medio
e a metade doutro.

Dea o aguinaldo
señora casada
ovos e torresmos
fan boa empanada.
Dea o aguinaldo
señora solteira
cartos ou torresmos
o que vosté queira.



Mociñas casadas
e mailas solteiras
ide sacudindo
neas faldriqueiras.
Dea o aguinaldo
queremos marchar
vimos de moi lonxe
e hai moito que andar.

OS REIS DE ALDÁN *(Tradicional de Aldán, nenos e nenas do colexio)*

Bando 1
Boas entradas de Reis
teñan vosas señorías
toda a xente da casa
e a de máis compañía. (bis)

Vivan todos os señores
que viven neste palacio
que xa naceu o meniño
noso remedio e amparo. (bis)

A honra deste misterio
señora de o aguinaldo. (bis)

Se nos ha dar a esmola
señora ama desta casa
se nos ha dar a esmola
mándeala pola rapaza. (bis)

Mándenos señora mande
que temos moito que andar
todo o reino de Galicia
e máis o de Portugal. (bis)

Bando 2
De Oriente saen tres Reis
por unha estrela guiados
entran por Xerusalén
e a voces van preguntando. (bis)

No parto polo que obrou
o divino "espírito" santo
mandaredes dar os reis
os do sombreiro encarnado.
(bis)



RUMBA DAS APERTAS *(Magín Blanco: A nena e o grilo)*

Doutor, doutor, recéiteme apertas,
xornadas de portas abertas,
raios de sol de porcelana,
facer o que me veña en gana.



E tamén quero unha pandeireta,
que as miñas mans sexan dúas pombas
e que repartan aloumiños,
os debuxos que fan as sombras.



Doutor, doutor...

Doutor, que teño frío,
e as apertas non dan chegadao;
meu amor foi lavar ao río
e o río baixa, vai conxelado.



Hoxe na lama non hai ninguén,
andamos todos de etiqueta,
agás a miña nena da alma,
que anda a pasear en bicicleta
por unha illa azul e branca,
chea de flores e bolboretas,
onde as cancións toman un folgo
cando ninguén as interpreta.



Doutor, doutor...



PIRIMPIMPÍN *(Malvela: Da miña xanela á túa)*

Teño dentro do meu peito
unha laranxa partida
para darlle o meu amor,
o pirin pirimpimpín
para darlle á miña vida.

Pirimpimpín

pim pim pim pim

**Manolo vira pra ca,
María vira pra aquí.**

De Portugal me mandaron,
tres peras nun ramalliño,
quen me dera a min sabere,
o pirin pirimpimpín,
quen me ten tanto cariño.

Pirimpimpín...



Do outro lado do río,
do outro lado meu ben
do outro lado do río,
o pirin pirimpimpín,
teño a quen lle quero ben.

Pirimpimpín...

Ao entrar en Sanguineta,
hai un lexo de letreiro,
que sempre está a dicir,
o pirin pirimpimpín,
Portugal meu compañeiro.

Pirimpimpín...

Rebola o pai,
rebola a nai,
rebola a filla,
eu como son da familia
tamén quero rebolar.

O PARAUGAS DO XOSÉ *(Asociación de Gaiteiros Galegos: Pelo Gato 24)*

O paraugas do Xosé
é un paraugas moi maliño,
se lle caen catro gotas...
xa te pos moi molladiño.
Por iso unha rapaza,
por pingando que ela esté,
nunca se porá debaixo...
do paraugas do Xosé.

E o que é meu, i-é teu, i-é meu,
e o que é teu, i-é meu, i-é teu,
i-eu non quero que vaías dicindo,
que tumba, que dálle, que tal que sei eu.
(bis)



BAILADOR *(Berrogüetto: Viaxe por Urticaria)*



Bailador, baila con ela,
bailador, baila con ela,
que che ten unha cariña,
parece unha madalena.

Bailador...

Fuches entrando no baile,
fuches entrando de presa,
antes que do baile saias
has de quitar a camisa.

Antes...

Para a semana que vén,
hei de arar a miña roza,
rego abaixo, rego arriba,
coa miña vaquiña roxa.

Rego...



O GRILO E A RA *(Fol do Vento: Cancións para Antía)*


Cri- cri cri-cri
Un grilo cantaba
Cri-cri cri-cri
Non sei onde estaba
Cri-cri cri-cri
Eu saín buscalo
Cri-cri cri-cri
Aló polo prado
Cri-cri cri-cri
Xa cheguei alí
E agora o grilo
Xa non fai cri-cri.



Cra-cra cra-cra
Cantaba unha ra
Cra-cra cra-cra
Na beira do río
Cra-cra cra-cra
Marchei cara alá
Cri-cri cri-cri
Fai de novo o grilo
Cra-cra cri-cri
Cri-cri cra-cra
Cantaban os dous xuntos
O grilo e a ra.



Cra-cra cri-cri
A ra e o grilo
Cri-cri cra-cra
O grilo e a ra
Cra-cra cri-cri
Cri-cri cra-cra
A ra e o grilo
O grilo e a ra.



CANCIÓN DO MAIO DE ALDÁN

(Tradicional de Aldán, nenos e nenas do colexio)

Eiquí ven o Maio,
vestido de xestas,
pra lle dar as grazas
a señora Teresa.

Eiquí ven o Maio,
vestido de flores
pra lle dar as grazas
a señora Dolores.

Eiquí ven o Maio,
por riba dos tellados,
eiqui ven o Maio
de roubar os espantallos.

Eiquí ven o Maio,
por riba das testas,
eiqui ven o Maio,
vestido de xestas.

Eiquí ven o Maio
pola Costa da Vela,
eiqui ven o Maio
camiño de Compostela.

Eiquí ven o Maio
pola pescadería,
eiqui ven o Maio
camiño da Romaría.

Eiquí ven o Maio
polos muros da eira,
eiqui ven o Maio
do colexio de Espíñeira.



O RELOXO DE ALBERTE *(Pablo Díaz: Tic-tac)*

Tic, tac, tic tac, o reloxo vai soar.
Tic, tac, tic tac, témonos que levantar.

Estaremos todos cansos,
cos ollos apegados,
ao mellor alporizados,
Témonos que levantar.

Retrouso

Miña nai está na entrada,
creo que está anoxada,
teño pegadas as sabas,
téñome que levantar.

Retrouso

O almorzo estará listo
mentres tanto xa me visto,
chegarei tarde ao colexio,
téñome que levantar.

Retrouso

Miña nai está berrando,
o reloxo está soando,
xa me queda pouco tempo,
teñome que levantar.

Retrouso

Ao mellor estou soñando
pensando que está soando
e non teño que ir ao cole,
non me quero levantar.

Retrouso



UN VELLO *(Pablo Díaz: Tic-tac)*

Un vello que tiña un burro na corte,
se tes animais hai que ter moita sorte:
o burro orneaba
e o vello de noite nin ollo pegaba.

Un vello que tiña un cocheo na corte,
se tes animais hai que ter moita sorte:
o burro orneaba,
o cocheo roncaba
e o vello de noite nin ollo pegaba
e os animais moi ledos cantaban.

Un vello que tiña unha vaca na corte,
se tes animais hai que ter moita sorte:
o burro orneaba,
o cocheo roncaba,
a vaca bruaba
e o vello de noite nin ollo pegaba
e os animais moi ledos cantaban.

Un vello que tiña unha egua na corte,
se tes animais hai que ter moita sorte:
o burro orneaba,
o cocheo roncaba,
a vaca bruaba,
a egua rinchaba
e o vello de noite nin ollo pegaba
e os animais moi ledos cantaban.

Un vello que tiña unha cabra na corte,
se tes animais hai que ter moita sorte:
o burro orneaba,
o cocheo roncaba,
a vaca bruaba,
a egua rinchaba,
a cabra beaba
e o vello de noite nin ollo pegaba
e os animais moi ledos cantaban.

Un vello que tiña un galo na corte,
se tes animais hai que ter moita sorte:
o burro orneaba,
o cocheo roncaba,
a vaca bruaba,
a egua rinchaba,
a cabra beaba,
o galo cantaba
e o vello de noite nin ollo pegaba
e os animais moi ledos cantaban.

Un vello que tiña un gato na corte,
se tes animais hai que ter moita sorte:
o burro orneaba,
o cocheo roncaba,
a vaca bruaba,
a egua rinchaba,
a cabra beaba,
o galo cantaba,
o gato miañaba
e o vello de noite nin ollo pegaba
e os animais moi ledos cantaban.

Un vello que tiña un lobo na corte,
se tes animais hai que ter moita sorte:
o burro orneaba,
o cocheo roncaba,
a vaca bruaba,
a egua rinchaba,
a cabra beaba,
o galo cantaba,
o gato miañaba,
o lobo ouveaba
e o vello de noite nin
ollo pegaba
e os animais moi ledos cantaban.



QUEN SON *(Magín Blanco: A nena e o grilo)*

Quen son, quen son, quen son que xa non sei,
quen son, quen son, se serei ou non serei.
Quen son, quen son, quen son que xa non sei,
quen son, quen son, non sei se me atoparei.

Serei cebola ou serei allo,
ou só serei un espantallo.
Serie abondo ou case nada,
serei un trasno ou un fada.
Serie xirafa ou crocodilo.
serie conxunto ou unidade,
serei enteira ou serei metade.


Quen son...

Serei debuxo ou pensamento,
irei por fóra, irei por dentro.
Estarei feita ou por facer,
non serei nada ou serei alguén.
Serei lúa chea ou media lúa,
serei estrada ou beirarrúa.
Serie do campo ou da cidade,
serei un becho ou todo vontade.

Quen son...

Serei cempés, serei chouteira,
serei de Foz ou de Cedeira.
Serei de folque ou rock and roll,
serei punteiro ou serei fol.
Serei pelota, serei balón, serei zanfona ou saxofón.
Serei xoguete ou instrumento, ou serei canto que vai no vento.

Quen son...



O SEÑOR DON GATO *(Asociación de Gaiteiros Galegos: Pelo Gato 24)*

Estando o señor don gato, miau, miau,
estando o señor don gato,
en cadeira de ouro sentado, miau, miau
en cadeira de ouro sentado.
Chegoulle a gran noticia, miau, miau,
chegoulle a gran noticia,
que había de ser casado, miau, miau,
que había de ser casado.
Cunha gata morosquiña, miau, miau,
cunha gata morosquiña,
que tiña os beizos colorados, miau, miau,
que tiña os beizos colorados.

O gato coa alegría, miau, miau,
o gato coa alegría,
caeu do tellado pra abaixo, miau, miau,
caeu do tellado pra abaixo.
Partiu as sete costelas, miau, miau,
partiu as sete costelas,
tamén a pontiña do rabo, miau, miau,
tamén a pontiña do rabo.



Tratou de facer testamento, miau, miau,
tratou de facer testamento,
do moito que tiña roubado, miau, miau,
do moito que tiña roubado.
Sete varas de chourizos, miau, miau,
sete varas de chourizos,
e outras tantas de pescado, miau, miau
e outras tantas de pescado.

E o levan a enterrare, miau, miau,
e o levan a enterrare,
van polas rúas do pescado, miau, miau,
van polas rúas do pescado.
E co cheiro das sardiñas, snif, snif,
e co cheiro das sardiñas,
resucita o demo do gato, miau, miau,
resucita o demo do gato.
Por iso di toda a xente, miau, miau,
por iso di toda a xente,

Que sete vidas ten un gato, miau, miau,
que sete vidas ten un gato.



A RIANXEIRA *(Tradicional)*

*Ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van.
Non te vaias rianxeira, (non te embarques rianxeira)
que te vas a marear.*

A Virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira, BIS
descalciña pola area,
parece unha rianxeira. BIS

Ondiñas veñen...

A Virxe de Guadalupe
cando vai para Rianxo, *(cando veu para Rianxo)*
a barquiña que a leva (a barquiña que a trouxo)
era de pau de laranxo.

Ondiñas veñen...

A Virxe de Guadalupe
quen a fixo moreniña BIS *(quen te puxo moreniña)*
foi un raíño de sol
que entrou pola ventaíña BIS

Ondiñas veñen...





CEIP ESPIÑEIRA-ALDÁN

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Departamento de Música

Páxina web:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipespinheiraaldan/>